



Concello de A Pobra do Caramiñal

Expediente 2496/2018
Asunto Revisión de oficio do convenio administrativo en materia urbanística do polígono denominado "Dr. Lamas e Andrés"

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º I de Santiago de Compostela, de data 10 de xuño de 2013, recaída no Procedemento Ordinario 0048/2009, mediante a cal se ordeaba a esta Administración a incoación do oportuno procedemento de revisión de oficio do acordo plenario de data 26/09/2002, mediante o cal se aprobaba o Convenio Urbanístico relativo á xestión do Polígono de execución denominado "Doctor Lamas e Andrés".

A fundamentación esgrimida polo órgano xudicial para a emisión de tal pronunciamento foi a inactividade por parte do Concello á hora de atender a petición efectuada pola parte demandante de declarar a nulidade en vía administrativa do convenio, quen entendía que procedía a declaración do nulidade do instrumento por non ter sido parte dentro do mesmo a pesar de ter a cotitularidade dunha das parcelas incluídas no ámbito de actuación do polígono de execución.

Considerando que en data 27 de xuño e mediante auto do Xulgado indicado anteriormente, iniciouse o procedemento de execución forzosa da sentenza, con expreso apercebimento de multas coercitivas no caso de incumprimento e sen perxuízo doutras medidas patrimoniales que o órgano xudicial podera interpor.

Por todo o anteriormente exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar a incoación do procedemento de revisión de oficio do acordo plenario de data 26/09/2002, mediante o cal se aprobaba o Convenio Urbanístico relativo á xestión do Polígono de execución denominado "Doctor Lamas e Andrés".

Segundo.- Nomear instrutor do procedemento ao Secretario do Concello e dispoñer a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia aos efectos de que os interesados poidan presentar alegacións no expediente durante o período legalmente establecido.

O Alcalde

Concello de A Pobra do Caramiñal



Concello de A Pobra do Caramiñal

Concello de A Pobra do Caramiñal

C/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: